

As 4 aldeas

Número 91

Agosto 2025



www.fillosdeois.org

OS MUÍÑOS DE CHELO

Convocatoria de Asemblea Xeral

Festa do socio

Acto do Día das Letras Galegas

Imaxes da Festa do Verán

Os muíños de Chelo



As cantareiras da Escola Municipal de Música de Coirós actuaron polas Letras Galegas no acto organizado pola Sociedade



Muíños de Chelo na parroquia de Colantres.

Festas patronais

150 anos do Globo de Betanzos

Andainas: Santa Mariña de Lesa

Monumento ao emigrante

As 4 aldeas

As 4 aldeas é a revista da Sociedade cultural, recreativa e deportiva Fillos de Ois. Con esta cabeceira naceu en setembro de 1923 en Bos Aires, retomándose a súa edición en 1999.

Edita:

S.C.R.D. Fillos de Ois
Santa María de Ois
Coirós 15316 A Coruña

Correo electrónico:

fillosdeois@gmail.es

Páxina web:

www.fillosdeois.org

Imprime:

Vazmar - Betanzos.
Tlfno. 981 773 492

Depósito Legal: C2562-2012

A S.C.R.D. Fillos de Ois non se identifica necesariamente co contido dos artigos nin coas opinións dos seus autores.

Permítese a reprodución dos contidos publicados sempre que se cite a súa procedencia.



CONVOCATORIA DE ASSEMBLEA XERAL

- Día: **venres 8 de agosto**
- Primeira convocatoria: 20:00 h.
- Segunda convocatoria: 20:30 h.

- Orde do día:

- 1.- Lectura e aprobación da acta anterior
- 2.- Balance económico
- 3.- Balance de xestión
- 4.- Rogos e preguntas.



ACTIVIDADES EN AGOSTO

Misa na honra de socios e veciños

Día: **xoves 7 de agosto**

Hora: **20,00 h.**

Na igrexa parroquial. Misa en lembranza de tódolos socios e veciños que xa non están connosco.

Festa do socio

Día: **Sábado 9 de agosto**

Hora: **14,15 h.**

Lugar: pavillón polideportivo

Menú: paella, churrasco con patacas, postre, café e chupito, pan, viño, auga e refrescos.

Retirada de tickets:

Domingos 27 de xullo e 3 de agosto de 12,00 h. A 13,00 h. Na oficina social (1º andar).

Para os socios e beneficiarios a actividade é gratuita.

Os socios poden tamén retirar tickets de "invitados" ao prezo de 25 euros por adulto e de 15 euros para os menores de dez anos.

Actuación musical: Julio Milamores.

Haberá inchable para os máis pequenos.

A Xunta Directiva pide a colaboración dos socios para que retiren a tempo as invitacións, facilitando así a organización da festa.



Escola de Música e Baile Tradicionais (EMBT)

Fe de erros

No número anterior advertiuse un erro na Portada. No pé de foto dos integrantes da Escola de Música e Baile, dicíase "...a Escola de Música e Baile Tradicionais (EMBT) da ACR de Colantres." Debemos aclarar que a Escola de Música e Baile Tradicionais está promovida polo Concello de Coirós. Unha parte das clases impártense na antiga escola de Quierís, onde ten a sede a ACR Colantres, e as restantes no Centro Social de Coirós



ACTO DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

O sábado, 17 de maio, tivo lugar a celebración do Día das Letras Galegas que rendeu homenaxe ao cancionero popular galego personificado nas Pandeireteiras de Mens (Malpica).

As cantareiras da Escola Municipal de Musica de Coirós ofreceron unha actuación cun amplo repertorio da nosa música tradicional.

No acto tamén se puido visitar unha exposición de carteis informativos sobre o Día das Letras Galegas e rematou ofrecéndose un aperitivo aos asistentes.



IMAXES DA FESTA DO VERÁN



OS MUÍÑOS DE CHELO



Antonio Teijeiro rexentou os muiños de Chelo durante tres décadas. Baixo a súa dirección fixéronse cargo da actividade varios muíñeiros, entre eles dúas familias de Coirós: José e Amalia, da familia do Xastre de Coirós de Abaixo; e por último, Gerardo Vázquez Bellón e a súa dona Matilde Mosteiro Rilo.

Manuel Fiaño Sánchez
Miguel Gayoso Barreiro

No presente traballo imos achegarnos á historia dun dos emblemas de Coirós que tivo no seu día certa relevancia na economía local. Estamos a referirnos aos muíños maqueiros coñecidos como «Muíños de Chelo», unha pequena industria situada a carón do río Mandeo, do que aproveitou a forza das súas augas para a súa labor.

O 24 de xuño de 1865 a Gaceta de Madrid publicaba unha Real Orde pola que se lle concedía autorización ao veciño de Betanzos, Juan Teijeiro Ubin para aproveitar as augas do río Mandeo como forza motriz dun muíño fariñeiro situado na parroquia de San Salvador de Colantres, concretamente no paraxe coñecido como «Chelo». As obras deberían dar comezo no termino de un ano e acomodarse ás seguintes condicións:

1ª. La presa se establecerá en el sitio marcado en el plano,



Presa de Chelo sobre a que se construiu a ponte que une as ribeiras de Coirós e Paderne no elevándola más que dos metros y dos decímetros sobre el lecho del río, y esta altura,

así como el nivel de la solera de desagüe donde se halle establecido el aparato motor; deberán referirse a un punto fijo e invariable del terreno inmediato para que en todo momento se pueda comprobar

que no se han alteado.

2ª. No podrá aplicarse el agua a riegos ni otros usos que el especial para que se concede.

3ª. Antes de principiarse las obras el Ingeniero encargado de la vigilancia fijará la cantidad de aguas que se ha de utilizar en el movimiento del artefacto, y cuidará de disponer aquellas de manera que en ningún tiempo pueda tomarse mayor caudal que el necesario para el uso expresado.

4ª. Tanto al principiar las obras como al terminarlas el concesionario avisará oportunamente al referido ingeniero, quien habrá de remitir al Gobierno de provincia una certificación en que conste la cantidad de



agua que se haya fijado y el cumplimiento de las condiciones de esta concesión.

Aínda que a autorización data do ano 1865, anteriormente, en agosto de 1861, Juan Teijeiro Ubin dirixía unha solicitude ao Goberno de Provincia na que manifestaba ter construído no ano 1858 «[...] un molino harinero con tres piedras para moler, sirviéndose como fuerza motriz de las aguas del río Mandeo, cuyo se halla sito en término de Chelo, parroquia de San Salvador de Collantres», e solicitaba a legalización das citadas obras.

Nunha escritura que nos achegou a familia Vázquez Mosteiro do ano 1938, describíase a propiedade así:

Casa destinada a vivienda y molino harinero al sitio denominado "CHELO" compuesta de planta baja y piso alto, su construcción de mampostería y armazón de castaño, desván o fayado y cubierta de teja del país. El edificio consta de dos cuerpos unidos entre sí, el uno más antiguo y el de la parte norte más moderno, de construcción reciente. En la planta baja del edificio del lado Sur, antiguo



molino, departamento con una rueda o piedra para molturar trigo, llamada "TINETA" dos puertas, su principal al Sur y otra al Oeste, con una ventana de medio cuerpo a su frente Este; el segundo departamento, del citado primer cuerpo, cuatro piedras para molienda; dos para trigo, una para maíz y otra para centeno. El piso alto está distribuido en diferentes departamentos, sala, dormitorios y departamento de cocina; todos ellos iluminados por cinco ventanas vidrieras, dos al Este, que es el frente del

río Mandeo. El edificio moderno consta asimismo de planta baja y alta, aquella destinada a molienda en preparación para dos piedras y la parte alta compuesta de una sola sala destinada más bien a depósito de frutos. Dicho edificio tiene dos puertas de entrada exteriores; una al Sur y otra al Oeste, hallándose por nueve ventanas iluminado, distribuidas por sus diferentes costados. Ocupan los dos cuerpos, además de la bodega que le acompaña por el lado Sur, tres áreas y veintidós centiáreas, que es igual a trescientos veintidós metros cuadrados. Están movidos o reciben su fuerza motriz dichos molinos por el agua que reciben del río Mandeo a medio del canal en dirección Suroeste, hallándose su compuerta o presa a una distancia sobre poco más o menos de doscientos setenta y tres metros, para embalse del agua que ha de mover la industria. Hállanse enclavados los citados edificios en terreno de la misma propiedad, cuyo predio se halla cerrado sobre sí; su figura es muy irregular y su posición ligeramente inclinada de Oeste a Este, en cuya extremidad o vértice Nordeste se hallan los molinos. Entre el canal y el río Mandeo, parte Sur del edificio, sus salidos y prado; por la parte Oeste, del canal de alimentación de los molinos, finca destinada a huerta con árboles frutales, campón, bosque y monte formando todo un sólo conjunto y circundo cerrado que ocupa la cabida de setenta y cinco áreas y dos centiáreas, igual a diecisiete



As imaxes desta páxina mostran o deterioro que foi sufrindo a edificación ata a actualidade.

ferrados y cinco cuartillos, sobre poco más o menos. Cruza dicha finca camino de esta propiedad que sirve a los molinos. Confinando el circundo o conjunto reseñado al Norte, su muro y sendero con escaleras de piedra que separa prado y monte de Doña Carmen Leis; Sur, su cómaro y camino de Chelo; Este, el río Mandeo y Oeste, su cerradura y camino que conduce a los molinos.

No ano 1900 un dos herdeiros do promotor, Antonio Teijeiro González, solicitaba, xunto co

empresario betanceiro José López Cortón, a ampliación do uso das augas do río Mandeo que o primeiro viña aproveitamento para o muiño, sen saber moi ben que uso pretendían darlle a esa ampliación de caudal, aínda que podemos pensar que sería para xeración de electricidade dado o carácter empresarial de López Cortón.


José López Cortón era un enxeñeiro e empresario, natural da vila de Cedeira, que iniciaría o camiño para a instalación da luz eléctrica en Betanzos, segundo nos contan Margarita Vilar e Elvira Lindoso no traballo «Análisis comparado de dos

élites brigantinas: la trayectoria empresarial de los Núñez y los Etcheverría desde una perspectiva histórica (c. 1717-1955)», publicado no Anuario Brigantino nº 31 do 2008.

Antonio Teijeiro rexentou os muiños de Chelo durante tres décadas. Baixo a súa dirección fixéronse cargo da actividade varios muiñeiros, entre eles dúas familias de Coirós: José e Amalia, da familia do Xastre de Coirós de Abaixo; e por último, Gerardo Vázquez Bellón e a súa dona Matilde Mosteiro Rilo. Serían precisamente este últimos os que

MUIÑOS

Os muiños son construcións destinadas á moenda ou triturado dos cereais. Para esta función contan con dúas pedras circulares sobrepostas nas que unha delas, a capa, xira sobre a outra, o pé. A capa ten un burato central por onde cae o gran que vai sendo triturado ao xirar esta. A maioría dos muiños utiliza como forza motriz a auga, os máis abundantes en Galicia, aínda que hai outros que aproveitan o vento.



A tipoloxía dos muiños é variada en función do tipo de propiedade, as características construtivas e de funcionamento. Os muiños de canle son os máis numerosos. A partir dunha presa a auga condúcese por unha canle de pedra para poñer en funcionamento o rodicio que transmite a forza á capa. Nos ríos máis caudalosos a canle conta cun elemento de filtraxe, a grade, para evitar que paus, pedras e follas puideran deteriorar o rodicio. A grade está formada por unha serie de barrotes verticais que evitan o paso de materiais non desexados.

A canle de pedra vaise estreitando e inclinando cara o

rodicio. Canta máis pendente, e mais estreitamento, maior é a forza que proporciona á auga.

Cando o chorro de auga se concentra moito leva consigo a necesidade dunha maior precisión na correcta colocación do rodicio para aproveitar mellor a presión que se obtén.

As maquías

Os muiños de maquía eran aqueles que estaban destinados a moer para os veciños. Eran un negocio, no que se pagaba unha parte do gran, chamada maquía, como prezo polo servizo prestado.



A construción de muiños de maquía era acometida por persoas con moitos medios económicos. A maquía pasaba a ser un productivo negocio familiar.

A vivenda

Os muiños particulares, cando se destinaban a maquiar, frecuentemente tiñan a vivenda familiar na mesma construción. Comunmente a vivenda ocupaba a superficie superior da planta do tremiñado, onde estaban situadas as pedras e se realizaba a moenda. A edificación habitualmente completábase con outras dependencias adxectivas: cortes, cortellos, albós,...

No número 11 da revista As 4 aldeas (agosto do ano 2000) podemos atopar un artigo no que se fai unha descrición das partes e elementos dun muiño e un inventario dos muiños existentes en Santa María de Ois

Ilustracións: *Muiños de río nas terras de Pontevedra*. Ramiro Bastos Justo (2005). Deputación Provincial de Pontevedra.



adquiriron no ano 1938 unha parte da propiedade dos muíños. Eles foron os últimos muiñeiros de Chelo.

Nunha conversa mantida en setembro de 2019 polos autores deste traballo con Manuel Vázquez Mosteiro (Manolo de Chelo), fillo dos últimos muiñeiros, aportou datos interesantes sobre os muíños e a súa actividade. Sabemos que o propietario, Antonio Teijeiro era dono dun almacén de fariña, chamada «A Fariñeira», situado no fondo da Rúa dos Prateiros, fronte ao arco da Ribeira da Ponte Vella, xusto a carón dos soportais que hai baixando pola citada rúa. Importaba o trigo de Castela e todas as noites ía un criado guiando un carro tirado por dous cabalos, cargado co cereal para o muiño. Ese criado atendía durante a noite os dous muíños de trigo e de mañá volvía cara a Betanzos coa fariña. Facía a moenda de noite para non entorpecer a moenda de día, xa que por aquel tempo os muíños estaban arrandados a Gerardo Vázquez, aínda que o propietario se reservaba o dereito de moenda do seu propio cereal. Nas edificacións dos muíños existían alpendres para gardar os animais e un cuarto para o descanso do criado.

Na matrícula da contribución industrial do concello de Betanzos para o ano 1918 figuraban Antonio Teijeiro González e Juan Teijeiro González tributando por venta de fariñas ao por menor, o primeiro situado na rúa Pardiñas 23 e o segundo na rúa da Ribeira 151. Tamén no ano 1919 o concello de Coirós propuxo a Antonio Teijeiro González como candidato a Vocal do «Comité del Sindicato Harinero» da



Gerardo Vázquez e a súa dona Matilde Mosteiro, os últimos muiñeiros de Chelo (maio de 1948). Imaxe cedida pola familia Vázquez Varela.

provincia da Coruña.

Manuel Vázquez Mosteiro lembraba a Antonio Teijeiro González chegando aos muíños montado nun cabalo branco, con sombreiro de ala ancha e un revólver na cintura. Con respecto ás edificacións, Manuel contaba que había sete muíños. Un deles era a chamada «Tineta», unha especie de turbina que tiña as moas ou pedras moi grandes, cun diámetro de 1,80 ou 2 metros, o que lle outorgaba moita capacidade de moenda. Tiña unha entrada, unha boca ancha cunha reixa diante, que despois ía estreitando para que a auga entrara contra o rodicio con moita presión ao abrir a comporta.

As tres edificacións que conformaban os muíños foron feitas en tres fases. A primeira era onde estaba solo a «Tineta» e arriba a vivenda da familia do muiñeiro. A segunda fíxose con catro rodicios e

arriba tamén tiña piso destinado a almacén. A terceira fíxose, dicía Manuel Vázquez, case como un torreón e sobresaía das outras por diante e por detrás, facendo como un contraforte para aguantar a presión da auga do río. Nesta última instaláronse dous rodicios. En total sete muíños.

Para acceder aos muíños construíuse un camiño, que hoxe en día é a estrada de Chelo, que une a Nacional 6 en Queirís coa paraxe natural. Ademais, para facilitar o acceso desde o outro lado do río (ladeira de Paderne), os propietarios instalaron unha barca que cruzaba a corrente do Mandeo guiada por un cable amarrado en dúas árbores de cadansúa beira. Así o narraba o diario «El Correo de Galicia» na súa edición do 4 de marzo de 1910, aínda que con erros de situación:

En el lugar de Fontelo (Betanzos) tiene establecido un molino harinero sobre el río Mandeo D. Juan Teijeiro, y para que sus clientes pasen de un lado al otro, con el grano, hizo colocar un cajón grande que utiliza en lugar de balsa y que está sujeto por dos cuerdas.

En ese cajón tomaron asiento el domingo último una señora y una sobrina suya, con objeto de pasar al lado opuesto.

Como el río llevaba, debido a la lluvia de los últimos días, mucha corriente, hizo zozobrar la caja embarcación, y la pobre señora pereció ahogada, a pesar de los esfuerzos hechos para salvarla por los empleados y dueños de los molinos.



Barca que permitía acceder aos muíños de Chelo desde a ribeira de Paderne. Foto: Alberto Martí Vilardefrancos, cedida pola familia Vázquez Varela



Manuel Vázquez Mosteiro, fillo de Gerardo e Matilde, cun dos seus fillos no colo. Seus pais chegaron como arrendatarios aos muíños de Chelo en 1931, cando el tiña 7 meses (marzo de 1961).
Imaxe cedida pola familia Vázquez Varela.

As pedras dos muíños de Chelo deixaron de mastigar o gran na década dos anos sesenta do século vinte. Ao pouco de pechar sufriron un incendio e logo despois, o que quedaba deles pasou a ser propiedade da familia Vázquez de Betanzos.



Os fillos de Manuel Vázquez Mosteiro, e netos de Gerardo e Matilde, nos muíños de Chelo (marzo de 1967).
Imaxe cedida pola familia Vázquez Varela.

Hoxe en día as súas ruínas aínda nos falan dun pasado de esplendor e nos arredores, baixo a sombra mesta de bidueiros e salgueiros, quen se achegue a contemplar a figura das antigas edificacións, dentro do silencio do entorno poderá distinguir a música das augas do Mandeo

batendo contra os rodicios e facendo xirar con ritmo alegre as moas que de xeito case milagreiro converteron milleiros de grans en excelente fariña.

“SERVICIO NACIONAL DEL TRIGO”

En agosto do ano 1937, en plena Guerra Civil, por medio do “Decreto-Ley de Ordenación Triguera” creouse no territorio dos sublevados contra a República a total intervención do mercado do trigo. Os agricultores víronse obrigados a vender as colleitas de trigo, sendo nun principio, anos 40 e 50, mal pago incluso con prezos por debaixo dos custos de produción.

O estrito control que o estado levaba sobre a produción e comercialización do trigo explicase polo rexeitamento dos sectores afectados, que provocou o xurdimento dun mercado negro, o coñecido como estraperlo.



Silo de Pamplona. Navarra.
https://es.m.wikipedia.org/wiki/Archivo:Silo_de_Pamplona_00.jpg

MINISTERIO DE AGRICULTURA
SERVICIO NACIONAL DEL TRIGO
Jefatura Provincial de La Coruña
MODELO C-22

VALIDADA HASTA EL 31 DE MAYO 1957

Molino n.º 276
Lugar
Parroquia
Ayuntamiento C O R U Ñ A

El Servicio Nacional del Trigo ha recibido la declaración jurada D. C-5 de D. ANTONIO REYES SUPIERA, y le autoriza a continuar sus operaciones de muela en el molino que, como propietario o arrendatario, (1) explota en CORTADELLAS-CORTES (2) en tanto cumpla las disposiciones vigentes en la materia.

La Coruña, a 11 de AGOSTO de 1947

El Jefe Provincial.

PARES DE PIEDRAS «TOMIZAS»
Trigo, UNA de 0,90 metros diámetro.
Pienso, DOS de 1,15 metros diámetro.

(1) Táchese lo que no sirva.
(2) Localidad.

T. P. A.

Cando un muíño moía un volumen grande de gran destinado a almacéns e comecios, ademais do autoconsumo das familias da contorna, pasaba a ser denominado “molinería”. Neste caso tiña que pagar un imposto anual ao “Servicio Nacional del Trigo” (SNT) que foi instituído en 1940 polo goberno franquista e que era coñecido como a “triguera”.

O Servicio Nacional del Trigo tivo unha longa vixencia. Aínda que cambiou de nome e pasou a denominarse SENPA (Servicio Nacional de Productos Agrarios) en 1971, funcionou ata a década de 1980.

Heranza aínda visible daquel SNT ou Senpa son os grandes silos verticais que podemos ver por toda España.

FESTAS PATRONAIS

As integrantes da Comisión de Festas do ano pasado, Andrea e Laura, xa comunicaran a intención de non organizar as de 2025.

Despois de varios anos participando nas distintas comisións indicaban que debían ser outras persoas as que asumiran a responsabilidade e o traballo de organizar as festas. O tempo foi pasando e chegamos a estas datas sen que ninguén se puxese a organizalas polo que non estarán tan animadas como outros anos.

O concesionario do Bar Social, Pulpeira Rey, informou que para o día 15 de agosto ten a intención de contar cunha actuación musical que anime a sesión vermout e a verbena o día da patroa da parroquia.



150 ANOS DO GLOBO DE BETANZOS



GLOBO DE SAN ROQUE
CLAUDINO PITA · 150 ANIVERSARIO
BETANZOS 1875-2025

Neste ano 2025, o Globo de Betanzos celebrará o seu 150 aniversario no marco das festas patronais de San Roque e será un dos seus principais focos de atención en Betanzos.

O Globo de Betanzos é un aeróstato de papel, non tripulado, que se lanza cada ano na noite do 16 ao 17 de agosto en honra a San Roque, patrón da vila. Para este 150 aniversario, o Concello de Betanzos está a preparar unha serie de actividades especiais, incluíndo unha imaxe conmemorativa.

O ano pasado o Globo viaxou ata a nosa parroquia vindo a aterrar perto do Fontelo. Hai quen pensa que veu honrar o lugar onde naceu Angelita da Casilla, que levou a Betanzos a receita da tortilla de Coirós e que posteriormente deu lugar á tortilla que hoxe leva o nome da vila. Pero igual tamén, de paso, veu a anunciar este 150 aniversario.

ANDAINAS: SANTA MARIÑA DE LESA

Como xa se informou no número 88 desta publicación, a Oficina de Información Xuvenil de Coirós organiza unha actividade para coñecer mellor o noso Concello: “Andainas por Coirós”. Ao tempo que facemos exercicio, recorremos e coñecemos as diferentes parroquias e rutas de interese que temos en Coirós.

A primeira das andainas levouse a cabo na parroquia de Santa María de Ois en abril de 2024 e en outubro fíxose outra polas parroquias de Colantres e Armea.

O 14 de xuño deste ano foi Santa Mariña de Lesa a parroquia elixida. No percurso, de algo máis de 8 quilómetros, visitamos Pena Furada, a capela de San Pedro, a igrexa parroquial e a Reserva de Anfíbios do Catorce.

O noso veciño e arqueólogo Antón Malde explicou polo miúdo a excavación, tesouros e segredos que alberga Pena Furada, un enclave cun alto valor patrimonial.

Fernando Bandín, presidente da Fundación Fragas do Mandeo acompañou e explicou a visita á Reserva de Anfíbios do Catorce, un espazo de gran valor ecolóxico, recuperado e conservado por esta Fundación.



MONUMENTO AO EMIGRANTE



Sendo o monumento unha merecida homenaxe a todos os emigrantes galegos, poderíamos dicir que nos sentimos representados nel a través do poema de Obdulio Vaquero, quen foi mestre na escola do Fontelo, ou polo menos é o sentimento que eu teño cada vez que paso por diante del.

Miguel Gayoso Barreiro

O 6 de agosto de 1983 inaugurábase, no Paseo marítimo de Sada, o Monumento ao Emigrante. O presidente da Xunta, naquela altura Xerardo Fernández Albor, e o alcalde de Sada, Ramón Rodríguez Ares, presidiron o acto, ao que asistiron autoridades e veciños da vila. Ambos lembraron nas súas palabras a influencia e a contribución da emigración ao progreso e desenvolvemento de Galicia.

A obra, do escultor compostelán Eduardo Parrado Conde, foi proxectada por Antonio López Rodríguez e representa tres persoas, dous adultos e un neno, fundidas nun fraternal abrazo e ao

pé deles a mensaxe que representa: “A despedida”. Está feita en granito e, no pedestal da escultura, figura a inscrición “SADA Ó EMIGRANTE. ANO – 1983”.

O monumento ten tres placas metálicas con diversas inscricións. Dúas son de institucións que se sumaron a esta homenaxe. Unha delas, que está na parte superior é da Sociedad Sada y sus Contornos da Arxentina co texto: “*Un pedazo de suelo argentino na Terra Nosa. Centro Español de Sada y sus Contornos de la República Argentina. Año 1984*”. A segunda, na parte inferior ten inscrito: “*Casa de Galicia. Motevideo - Uruguay. La institución Gallega más grande del Mundo. Marzo de 1989*”.

A terceira placa, con data de 1985, situada no medio das dúas anteriores recolle un poema de Obdulio Vaquero Galindo que este dedicou aos emigrantes. O autor do poema foi mestre en Santa María de Ois un longo período da súa



vida profesional.

Obdulio Vaquero tomou posesión como mestre na escola unitaria de Santa María de Ois no ano 1930. A Memoria da toma de posesión foi publicada no número 60 da revista *As 4 aldeas*, publicada en decembro de 2013. O lamentable estado das instalacións nas que se impartía docencia levaron aos emigrantes da nosa parroquia na Arxentina a construír a escola do Fontelo, actual edificio social da Sociedade Fillos de Ois. A nova escola inaugurouse no ano 1933 e foi Obdulio quen pronunciou o discurso inaugural, publicado no número 62 da revista *As 4 aldeas* en agosto de 2014.

Obdulio tiña paixón pola poesía e escribiu unha extensa obra poética, permanecendo aínda parte dela sen publicar. En vida do autor viron a luz tres poemarios: *Desacougo aceso* (*Pequena escolma de*



Conversa

- ¿Onde vás, emigrante,
tan lonxe da tua terra?
- Voume polo mundo adiante
ca miña alforxa de espranza
por camiños
peleríños
de distancias.
- ¿Onde vás, emigrante,
iñorando o que che agarda?
- Voume afinar noutras terras
de soidades amargas.
- ¿Qué fixeches, emigrante,
ca tua doorosa tafega?
- Fun facendo, camiñante,
semilleiros de calvarios
deica unha colleita incerta.
- ¿De onde ves, emigrante,
no solpor da tua eixistencia?
- Veño de deixar a vida
en favor doutras alleas.

pequenas cousas) (1983), *Versos para nenos* (1986) e *Espigas de mi rastreiro* (1986). No ano 2012 a Sociedade Cultural Fillos de Ois publicou un poemario póstumo: *Navegante silandeiro*.

É de loubar que unha persoa nada en Valladolid se expresara na lingua da terra que o acolleu e mostrara nela os

seus sentimentos máis íntimos, as súas inquedanzas e mesmo exaltando as nosas letras e a Galicia.

O poema que figura no Monumento ao Emigrante foi publicado no libro *Desacougo aceso* (*Pequena escolma de pequenas cousas*).

Conversa, así se titula o poema, reflicte o dramatismo vital da emigración, a incertidume do que a vida depara a quen ten que deixar a súa terra para labrarse un futuro que ela lle nega.

Tamén expresa o lamento das penurias e vicisitudes de quen vai a outro país a facer os traballos e tarefas que os que alí viven non queren facer.

Nestes tempos nos que no noso país hai quen sinala e culpa aos emigrantes como causantes dos males propios o poema de Obdulio é unha luz que nos debe facer reflexionar a todos.

Vivimos nun país no que moitas persoas tiveron que emigrar e que foron ben acollidos nos lugares aos que chegaron. Fagamos o mesmo con quen chega agora na procura do mesmo que os nosos ían procurar: un futuro mellor.



Sendo o monumento unha merecida homenaxe a todos os emigrantes galegos, poderíamos dicir que nos sentimos representados nel a través do poema de Obdulio Vaquero, quen foi mestre na escola do Fontelo, ou polo menos é o sentimento que eu teño cada vez que paso por diante del.



Obdulio Vaquero

LUNAS DE AUTOMÓVILES			C/ Pérez Cepeda, 12 15004 A CORUÑA Tlf./Fax 981 141 435
MECÁNICA	CHAPA Y PINTURA		RAPIDEZ, SERIEDAD Y GARANTÍA EN NUESTROS TRABAJOS
LÍNEA PRE-I.T.V.	ELECTRICIDAD		
CONVENIO COMPAÑÍAS DE SEGUROS			

C/ Viñas de Babilonia, 8 Bajo 15179 SANTA CRUZ - OLEIROS		 Pedidos 660 102 109 <i>Servicio a domicilio</i> Tel. 881 916 198
--	---	--

Preparamos bolsas de cumpleaños y encargos personalizados Golosinas, frutos secos, helados, dulces,...		C/ Viñas de Babilonia, 13 Bajo Telf. 687 624 736 15179 SANTA CRUZ - OLEIROS
--	---	--

	María Fé Rubal - Ramón Rubal Brea, s/n. Guísamo Bergondo 15165 A Coruña Tel 981 796 608. Tel.Fax: 981 795 736 e-mail: inpape@entorno.es
---	--

	Manuel Vázquez Varela MADERAS CHELO Parada, 8. Santa María de Ois 15316 Coirós (A Coruña) Tlfno. 629 852 013	
--	--	---

	OPTICA Brigantium Avda. Jesús García Naveira, 15 15300 Betanzos Telf. 981 770 152
---	---

	LAVANDERÍA INDUSTRIAL LAS CAMELIAS Concepción Arenal 95 15300 Betanzos administración@lavanderialascamelias.com Tlfno: 657 221 249
---	---

	Pintura y Decoración Julio Platas Santiago de Ois, nº 59 15316 Coirós (A Coruña) Tel. 981 79 81 10 Móvil 699 45 12 47	
---	--	---

CONSTRUCCIONES Platas Rocha Santiago de Ois, 18 15316 COIRÓS (A Coruña) Tifs. 981 79 83 56 - 981 79 63 62	
---	---


	Telf. 981 770 515 BETANZOS - A CORUÑA Profesionales a su servicio Pinturas - Puertas - Ferretería Alquiler de Maquinaria
---	---

	AGRO-PESCA RAFA COMERCIAL AGRICOLA ABONOS 981 796 645 PIENSOS 628 800 786 SEMILLAS PESCA PLANTAS JARDINERIA Queirís, 63. 15136 COIRÓS (A Coruña) agropescarafa@gmail.com
---	---

	CLÍNICA DENTAL PARDELLAS Tratamento integral da túa boca coa última tecnoloxía Especialistas en cirurxía, implantes, prótesis e estética dental. Arreglo de rotura de prótesis nunha hora. Financiación a medida e sen intereses. Rúa Caneiros nº 3 baixo dereita, Betanzos Pida a súa cita no 981 77 13 26 ou en www.clinicapardellas.com
---	---

COIRÓS	MARTA PAZ TAXI 657.252.044	LIC. 4
--------	---	--------

	Cervecería Vázquez saavedra meneses betanzos Saavedra Meneses. 62 - 15300 Betanzos Tlfno. 981 77 26 02
---	--

Samuel PORTES ESPECIALIZADOS PORTES - MUDANZAS - GUARDAMUEBLES 676 082 325 www.samuelportesespecializados.com	
---	---

Destinatario	Remite
	 S.C.R.D. FILLOS DE OIS Santa María de Ois Coirós 15316 A Coruña